APRENDIZAXE DE IDIOMAS

4. Aprendizaxe de idiomas
4.2. Certificacións

Existe toda unha serie de exames oficiais dos principais idiomas, para todos aqueles que buscan unha forma de certificar o seu nivel de conecemento.

CERTIFICADOS OFICIAIS DE IDIOMAS. EXAMES OFICIAIS DE IDIOMAS

Requisitos

Cambridge. A Universidade de Cambridge dispon de exames acreditativos para cada un dos niveis do MECR onde se evaluan as competencias en comprension e expresion oral e escrita: Key English Test (KET), Preliminary English Test (PET), First Certificate in English (FCE), Certificate in Advanced English (CAE), Certificate of Proficiency in English (CPE). Ademais, a Universidade de Cambridge propon tamen outros exames especificos como o Business English Certificate. Realizan varias convocatorias ao longo do ano.

cambridgeenglish.org

TOEFL. O Test of English as Foreign Language (TOEFL) proposto por ETS e o mais importante a hora de certificar os conecementos desta lingua nos Estados Unidos. A sua realizacion e a traves de ordenador, existindo tamen exames escritos que son menos comuns. Evaluase en escala nas 4 competencias provistas.

ets.org

IELTS. Exame moi reconecido a nivel Internacional, organizado polo British Council con axuda de Cambridge. Evaluase por escala nos 4 niveis de competencias de comprension e expresion.

ielts.org

Lugar

Goethe-Institut. Organiza os exames oficiais de aleman de maior reconecemento internacional. O Goethe-Institut propon 14 certifi- cados segundo os diferentes niveis. O unico centro examinador en Galicia e o Centro de Linguas Modernas da Universidade de Santiago.
O exame dividese en 4 modulos de 100 puntos cada un. Necesitanse o menos 60 para aprobar cada parte.

goethe.de

Prazos de solicitude

PLE. O Instituto Camoes propon 5 exames oficiais da lingua portuguesa (CIPLE, DEPLE, DIPLE, DAPLE, DUPLE). En Galicia encargase de realizar os exames o Centro de Lingua Portuguesa-Instituto Camoes de Vigo.
Exame dividido en 4 partes de 25 puntos cada unha.

fl.ul.pt

Proceso de selección

CELI. A Universita per Stranieri di Perugia expide os Certificados de Conecemento da Lingua Italiana (CELI) que van dende o nivel 1 ao 5.

unistrapg.it

CILS. A Universita per Stranieri di Siena, pola sua parte, outorga os Certificados de Italiano como Lingua Estranxeira para cada un dos seis niveis do MECR.

cils.unistrasi.it

Duración e contía

DELE. O Instituto Cervantes realiza os exames oficiais do Diploma de Espanol como Lingua Estranxeira do Ministerio de Educacion, Cultura e Deporte. O DELE ten seis niveis, adaptados ao marco comun europeo de referencia

examenes.cervantes.es

CELGA. A Xunta de Galicia realiza as Certificacións de Lingua Galega.
Son 5 niveis, Comezando con CELGA 1, equivalente a A2 ata o
CELGA 5, C2.

lingua.gal

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Educación, Xuventude e Cultura Física da República Checa ofrece a España bolsas para os Cursos de Verán de Estudos Eslavos en Praga, Brno, Olomouc, Podbrady, Plze e eské Budjovice.

REPÚBLICA CHECA MINISTERIO DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE E CULTURA FÍSICA CURSOS DE VERÁN DE ESTUDOS ESLAVOS

Requisitos

Ter suficiente coñecemento da lingua checa ou de inglés para poder seguir o curso nesta lingua.

Lugar

Praga, Brno, Olomouc, Podbrady, Plze e eské Budjovice.

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano. Han de aportarse Formulario da Universidade, CV, Motivación e Certificado/s de idioma/s.

Proceso de selección

Para máis información:
msmt.cz

Duración e contía

A duración máxima prevista é dun mes. A contía cobre os gastos de aloxamento en réxime de pensión completa, a matrícula do curso e excursións.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

Os Centros de Linguas son entidades creadas coa finalidade de promover a aprendizaxe de idiomas entre os membros da Comunidade Universitaria.

- A Universidade da Coruna (UdC) dispon dun Centro de Linguas no que se imparten cursos dos idiomas aleman, frances, ingles, italiano, portugues e espanol para estranxeiros. Ten presenza tanto na Coruna coma en Ferrol.
- O Centro de Linguas Modernas (CLM) da Universidade de Santiago de Compostela organiza todos os anos cursos de diferentes linguas modernas: aleman, arabe, catalan, checo, chines, galego, espanol, frances, ingles, italiano, portugues, ruso ou xapones . Ten instalacions en Santiago e Lugo. Os cursos van dirixidos aos membros da comunidade universitaria, pero neles poden matricularse todas as persoas alleas a universidade que tenan cumpridos os 16 anos.
- O Centro de Linguas da Universidade de Vigo organiza cursos cuadrimestrais das seguintes linguas: aleman, arabe, chines, espanol, frances, ingles, italiano, persa, polaco, portugues, ruso e xapones.

UNIVERSIDADES GALEGAS. CENTROS DE LINGUAS

Requisitos

- Ter más de 16 anos

Lugar

Mais informacion: centrodelinguas.gal
Mais informacion: cdl.uvigo.es
Mais informacion: usc.es

Duración e contía

1. UdC: Os cursos son trimestrais, coincidindo coas estacions do ano. Os cursos tenen unha duracion de 30 horas lectivas e custan 166€ para o publico en xeral e 125 € para os membros da UdC. Os cursos de conversacion tenen unha duracion de 15 horas lectivas e custan 125 € para o publico en xeral e 84€ para os membros da UdC.
2. USC: 80 horas lectivas desde mediados de outubro ata primeiros de xuno cun prezo de 175 € para o público en xeral e 150 € para os estudantes da USC.
3. UdV: Cursos cuadrimestais de duración e prezo variable segundo o curso.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) convoca anualmente bolsas para participar en cursos de inmersión lingüística en inglés, en réxime de internado, nun centro sito en España.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. BOLSAS PARA PARTICIPAR EN CURSOS DE INMERSIÓN EN INGLÉS (UIMP)

Requisitos

- Ser menor de 30 anos.
- Ter a condición de bolseiro para Ensinanzas Universitarias, Ensinanzas Artísticas Superiores, Outros estudos Superiores ou Formación Profesional de Grao Superior do MECD.
- Cumprir os requisitos económicos que se detallan na convocatoria. A orde de adxudicación das axudas virá determinada con arranxo á renda per cápita da familia.
- Superar a proba de nivel na Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP).

Lugar

Nun centro da UIMP: Santander, Madrid, A Coruña, Cuenca, Valencia, Sevilla, Granada, Tenerife, La Línea de la Concepción, Barcelona, Pireneos e Cartagena.

Prazos de solicitude

Un mes a partir da publicación da convocatoria no BOE, que ten lugar no primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

A solicitude tramitarase a través da páxina web do MECD mediante formulario en liña.

Para máis información: aecid.gob.es

Duración e contía

O curso ten unha duración dunha semana, a elixir entre o 8 de abril e o 16 de decembro do presente ano.
A axuda cubre todos os gastos de ensinanza, material, manutención e aloxamento, aínda que o alumno seleccionado debe aboar 100€ en concepto de reserva de praza.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio italiano de Asuntos Exteriores convoca bolsas para cidadáns españois que desexen estudar en Italia ou desexen efectuar investigacións en arquivos, centros culturais, bibliotecas, laboratorios ou cursos de idiomas.

MINISTERIO ITALIANO DE ASUNTOS EXTERIORES. BOLSAS PARA CURSOS DE ITALIANO

Requisitos

Ser nacional dun Estado membro da UE e ter a formación requirida segundo opción de bolsa.

Lugar

Segundo opción, varias cidades de Italia.

Prazos de solicitude

O prazo de solicitude remata antes do mes de maio.

Máis información:
amblavana.esteri.it

Proceso de selección

Valóranse o CV do solicitante, o expediente académico e unha entrevista persoal.

Duración e contía

Varía segundo as cidades de destino.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convoca anualmente prazas para realizar lectorados en universidades españolas e estranxeiras interesadas na promoción e difusión da lingua galega.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

Requisitos

- Ser nacional dun Estado membro da UE.
- Ser menor de 35 anos.
- Ser licenciado en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica (sempre que a primeira ou segunda lingua románica escollida fose o galego), Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en estudos de galego e español, Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios e titulacións afíns.
- Non gozar de praza de lectorado de lingua, literatura e cultura galegas en convocatorias anteriores.

Lugar

Varía segundo a convocatoria pero pode ser en calquera dos Centros de Estudos Galegos existentes no mundo: Alemaña, Brasil, Croacia, España, EEUU, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Suíza.

Prazos de solicitude

Adoita publicarse no DOG a mediados do ano.

Proceso de selección

A comisión examinará os méritos dos interesados valorando a súa formación, actividade docente, experiencia e proxecto presentado. Posteriormente convócase aos preseleccionados a unha entrevista persoal.
Para máis información:
lingua.gal

Duración e contía

O programa de formación das persoas seleccionadas terá unha duración máxima de tres (3) anos. A data prevista de incorporación será o 1.10.2018, no caso da praza de Francia, e o 1.1.2019 no caso da praza de Brasil. As datas de remate serán, en todo caso, o 30.9.2021 e o 31.12.2021, respectivamente.
O importe íntegro mensual das bolsas obxecto desta convocatoria é de 1.277,12 euros, por tratarse de lectorados en universidades estranxeiras

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

As Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) son centros publicos especializados no ensino de idiomas. Tamen imparten cursos monograficos e de veran.

ESCOLAS OFICIAS DE IDIOMAS. CURSOS DE IDIOMAS

Requisitos

- **A Coruna:** aleman, arabe, espanol para estranxeiros, frances, galego, ingles, italiano, portugues, ruso, chines e xapones. Conta con seccions en Carballo, Culleredo e Cee.
- **Ferrol:** aleman, frances, galego, ingles, portugues e italiano. Conta con seccions en Cedeira e As Pontes.
- **Santiago de Compostela:** aleman, espanol para estranxeiros, frances, galego, ingles, italiano e portugues. Conta con seccions en Negreira, Ordes, Noia e Ribeira.
- **Vilagarcia de Arousa**: aleman, ingles, frances, italiano e portugues.
- **Lugo:** aleman, galego, portugues, italiano, frances, chines e ingles. Conta cunha seccion en Sarria.
- **Monforte de Lemos:** aleman, frances, ingles e italiano.
- **Ribadeo:** aleman, frances, ingles e italiano.
- **Viveiro:** aleman, frances, ingles e italiano. Conta cunha seccion en Burela.
- **Ourense:** aleman, frances, galego, ingles, chines, italiano e portugues. Conta con seccions en Celanova, O Barco, Carballino, Ribadavia e Verin.
- **Pontevedra:** aleman, frances, galego, ingles, italiano e portugues. Conta con seccions en Lalin e A Estrada.
- **Vigo:** aleman, frances, espanol para estranxeiros, galego, italiano, ingles, xapones, chines e portugues. Conta con seccions en Nigran, Tui, Redondela, Ponteareas e Cangas.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Marco Europeo Comun de Referencia (MECR) e o resultado do esforzo da Union Europea por crear unha base comun para a elaboracion de temarios, contidos e materiais que faciliten a ensinanza e a avaliacion dos conecementos linguisticos, a vez que permeta a sua comparacion nos diferentes paises participantes.
A continuacion, ofrecese unha taboa resumo coas principais caracteristicas de cada nivel.

MARCO EUROPEO COMÚN DE REFERENCIA (MECR)

Requisitos

SUBNIVEL A1. PLATAFORMA
E o nivel de producion linguistica mais baixo. O punto no que a persoa e capaz de interactuar a un nivel sinxelo, preguntar e responder preguntas basicas, iniciar e responder a afirmacions nos ambitos mais inmediatos.

SUBNIVEL A2. ACCESO
O usuario e capaz de realizar as principais funcions de interaccion social, intercambiar informacion, realizar transaccion sinxelas, etc.

Lugar

SUBNIVEL C1. DOMINIO OPERATIVO EFICAZ
Posue un conecemento amplo da lingua, o que permete unha plena fluidez e espontaneidade sen esforzos. Ten un bo dominio lexico e gramatical e a interaccion sembra natural.

SUBNIVEL C2. MAESTRÍA
E o maximo grao de precision, adecuacion e comodidade nunha lingua estranxeira. Neste nivel o usuario posue un amplo dominio de expresion idiomaticas en todos os niveis e pode comprender e transmitir matices concretos.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e a AECID convocan anualmente lectorados en universidades estranxeiras.

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN – AECID. LECTORADOS DE CASTELÁN EN UNIVERSIDADES ESTRANXEIRAS

Requisitos

- Ter a nacionalidade española.
- Ser licenciado, doutor, máster universitario ou grao na rama de coñecemento de Artes e Humanidades, correspondente a: Filoloxía, Español, Linguas, Literatura, Humanidades, Tradución ou Interpretación, ou Máster universitario en ensinanza do español como lingua estranxeira.
- Formación específica na didáctica do español.
- Experiencia docente de lingua e/ou da literatura en español.
- Coñecementos da lingua oficial do país de destino, ou doutra aceptada para a comunicación universitaria.
- Non superar os 37 anos de idade.
- Non ser lector MAEC-AECID na universidade seleccionada nos tres cursos inmediatamente anteriores.

Lugar

Nos centros universitarios detallados no Anexo I da convocatoria.

Prazos de solicitude

Publicación da convocatoria durante o primeiro trimestre do ano no BOE.

Proceso de selección

Unha comisión de valoración avaliará as solicitudes, tendo en conta o expediente académico, a formación, a experiencia, etc.
Para máis información: aecid.es

Duración e contía

Abranguen un curso académico, pero pódese solicitar a renovación ata un total de tres anos. Contemplan unha axuda para a viaxe e mensualidades entre 600€ e 1.200€ segundo o destino.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) convoca estas bolsas para fomentar o coñecemento e a difusión da lingua e a cultura españolas no exterior.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. BOLSAS PARA AUXILIARES DE CONVERSACIÓN DE LINGUA ESPAÑOLA NO ESTRANXEIRO

Requisitos

- Ter nacionalidade española.
- Ser estudante de último curso ou estar en posesión dunha titulación das que se relacionan no Anexo I da convocatoria.
- Non padecer enfermidade que imposibilite o exercicio das súas funcións como Auxiliar de Conversación.
- No haber ocupado plaza de auxiliar de conversación con anterioridad.

Lugar

As prazas distribúense entre Alemaña (110 prazas), Australia (2), Austria (30), Bélxica (15), Canadá (3), Estados Unidos (30), Francia (433), Irlanda (12), Italia (20), Malta (5), Nova Zelanda (6), Reino Unido (210) e Suecia (2).

Prazos de solicitude

No segundo semestre do ano.

Proceso de selección

As solicitudes deben realizarse a través da aplicación informática Profex, do MECD. Aplicaranse os baremos establecidos no anexo da convocatoria.
Para máis información: mecd.gob.es

Duración e contía

Tanto o número de prazas como os países participantes poden sufrir variacións en función da planificación que as autoridades educativas dos países participantes.
A duración e contía varían segundo o país de destino.

4. Aprendizaxe de idiomas
4.1. Aprendizaxe de idiomas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia convoca anualmente unha liña de axudas para facer cursos de idiomas no estranxeiro.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. BOLSAS DE IDIOMAS DA XUNTA DE GALICIA

Requisitos

- Estar matriculado no curso 2017/18, como mínimo en 50 créditos, en calquera das universidades do Sistema universitario de Galicia, en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, e ter superado 60 créditos con anterioridade á data de publicación da orde na titulación que está a realizar. O alumnado que estea matriculado no traballo fin de grao poderá incluír os créditos que lle correspondan dentro do mínimo dos 50 créditos exixidos.
- O curso de idiomas debe ter unha duración mínima de tres semanas, excluíndo as datas da viaxe, e un mínimo de 15 horas lectivas semanais. O idioma que se desexe cursar deberá corresponderse co idioma oficial do país elixido.
- Non ser beneficiario da bolsa en convocatorias anteriores

Lugar

Nun Estado membro da UE.

Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes é dun mes a partir da publicación da convocatoria no DOG, que soe ter lugar no primeiro trimestre no ano.

Proceso de selección

A selección faise en base á nota media do expediente académico.
Máis información en:
edu.xunta.es

Duración e contía

As actividades para as que se solicita a axuda terán que ser realizadas no período comprendido, exclusivamente, entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2018, ambos inclusive. A dotación económica asignada a cada persoa beneficiaria será dun máximo de 1.000 euros.